

ACTA NÚM. 7/2018.**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2018.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,30 horas do día 16 de novembro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO. (PP).

XESÚS PENA ESPIÑA. (concelleiro non adscrito).

Non asisten:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL. (BNG).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Dada conta da urxencia motivada pola necesidade de aprobar o expediente de modificación de créditos para a súa entrada en vigor neste ano, para poder iniciar o expediente de contratación das obras financeiramente sustentables previstas no expediente con cargo ao remanente de tesourería do ano 2017, neste ano 2018, o Pleno por unanimidade dos once membros presentes acorda ratificar a urxencia.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Dada conta da proposición da alcaldía do 15 de novembro de 2018, que transcrita di:

O artigo 32 (destino do superávit orzamentario) da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF), establece que no caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda.

A efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.

A disposición adicional sexta da citada norma orgánica establece as regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que foi introducida polo apartado quince do artigo primeiro da Lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público. Dita disposición determina o destino do superávit orzamentario no ano 2014 aos efectos da aplicación do artigo 32.

O Real Decreto Lei 1/2018 que regula o destino do superávit das entidades locais correspondente a 2017, prorroga para 2018 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Esta disposición adicional décimo sexta (introducida pola disposición final primeira do Real Decreto Lei 2/2014, de 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica) determina os requisitos que deben cumprir o investimento financeiramente sustentable aos efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Visto o informe emitido pola intervención sobre o destino do superávit, no que se pon de manifesto que o concello de Brión non se atopa dentro do ámbito de aplicación do artigo 32 da LOEPSF ao non contar con débeda entendida a débeda pública en termos de procedemento de déficit excesivo, tal e como se define na normativa europea que exceptúa da débeda pública as obrigacións representadas por activos financeiros que estean en mans do sector administracións públicas (préstamos provinciais).

O destino do superávit para financiar investimentos financeiramente sustentables (IFS) é posible sempre e cando se cumpran as condicións recollidas na DA 6ª da LOEPSF.

O concello de Brión en base ao informe da intervención, cumpre coas condicións fixadas na norma, para poder aplicar a regra excepcional do destino do superávit, polo que poderá destinar un importe de 716.660,85 euros a financiar investimentos financeiramente sustentables que teñan encaixe no previsto na devandita disposición.

En base ao exposto o concello propón financiar os seguintes investimentos financeiramente sustentables (xa que cumpren con todos os criterios) co superávit do exercicio 2017 en aplicación da Disposición adicional sexta da LOEPSF:

ÁREA DE GASTO	APLICACIÓN	ECONÓMICA	DENOMINACIÓN PROXECTO	INICIO	REMATE	IMPORTE €/ANUALIDADE 2018
VÍAS PÚBLICAS	1532	61902	OTRAS INV.REP. INFRA.,BNS USO GRAL. CAMIÑO MOURENTÁNS A POUSADA DE ABAIXO POR FORXÁN E OUTROS	2018	2019	624.462,35
					Total	624.462,35

Cada un destes investimentos conta cunha memoria de alcaldía cos posibles gastos de mantemento, posibles ingresos ou redución de gastos que producirá o investimento durante a súa vida útil. A intervención municipal emitiu informe sobre a consistencia e soporte das proxección orzamentarias que conteñen as memorias económicas.

Por todo o exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1º) Aprobar a aplicación do superávit do exercicio 2017, integrado no remanente de tesourería para gastos xerais, a investimentos financeiramente sustentables, de acordo co disposto na disposición adicional sexta da Lei 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. O importe que se destina a investimentos financeiramente sustentables ascende a 624.462,35 euros.

A estes efectos, os investimentos poden ser financiados e executados xa que cumpren cos requisitos da normativa reguladora dos investimentos financeiramente sustentables.

2º) Aprobar o expediente de modificación orzamentaria número 10/2018, na modalidade de crédito extraordinario, por un importe de a 624.462,35 euros, co seguinte detalle:

Aplicacións de gastos:

APLICACIÓN	ECONÓMICA	DENOMINACION PROXECTO	IMPORTE
1532	61902	OTRAS INV.REP. INFRA.,BNS USO XRAL. CAMIÑO MOURENTÁNS A POUSADA DE ABAIXO POR FORXÁN E OUTROS	624.462,35
		Total	624.462,35

Aplicacións de ingresos:

Económica	Denominación	IMPORTE
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	624.462,35 euros

3º) Publicar o acordo de aprobación inicial da modificación de crédito nº 10/2018, na modalidade de crédito extraordinario, no Boletín Oficial da Provincia. O acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo se durante o prazo de exposición pública non se presentasen reclamacións.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que se trata da facer as obras do proxecto denominado: Camiño de Mourentáns a Pousada de Abaixo por Forxán e outros, cun orzamento total, IVE incluído, de 624.462,35 euros, co remanente de tesourería do ano 2017, para poder licitalas este ano; se trata dos camiños máis grandes e

que máis tráfico soportan e coa execución destas obras quedan feitos para moitos anos, e que incrementará a calidade de vida dos veciños para moitos anos; as obras que comprende o proxecto son:

- . Camiño de Mourentáns a Pousada de Abaixo por Forxán, cun orzamento de:137.027,62 euros.
- . Camiño de A Igrexa a Vioxo por Tourís, cun orzamento de:71.251,51 euros.
- . Camiño de San Salvador ao límite municipal con Ames, cun orzamento de:86.036,15 euros.
- . Camiño de Ons a Salaño Grande, cun orzamento de:42.380,74 euros.
- . Entronque rúa Fonte con Avenida dos Ánxeles (AC-300), cun orzamento de:3.417,40 euros.
- . Camiño de Bemil a Soutullos por Bastavaliños, cun orzamento de:84.817,70 euros.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposición dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposición nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González